

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA O DÍA 17 DE XULLO DE 2020 ÁS 20:00 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA, NO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17 DE VIGO.

Asistentes

Presidente

D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos presentes

D^a. Henar de Diego

D. Raúl Leirós Gutiérrez

D. Ángel González Iglesias

D. José Carlos Senovilla

D. José Miguel Merino Encinas

Socios con dereito a voto

Xosé Lois Freixeiro López

Iniciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto.

ORDE DO DÍA

1 Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.

2 Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2019.

3 Resumo de actividades 2019 e proxecto 2020.

4 Rogos e preguntas.

SESIÓN

Abre a sesión o Presidente dando lectura á orde do día e explicando que o atraso desta Asemblea ven motivado pola situación da pandemia da Covid-19.

O Presidente escusa a ausencia da Secretaria Xeral D^a Begoña Landesa Torrado. Dá fe coma Secretario da Asemblea o Vogal D. José Miguel Merino Encinas.

1 Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.

O Presidente lee a acta anterior do ano 2019, a da Asemblea Xeral Ordinaria que é aprobada por unanimidade.

2 Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2019.

O Presidente fai unha presentación multimedia sobre o contexto deportivo do club, centrado nun punto de vista contable, con datos correspondentes a 2019.

Preséntase o Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2019.

Infórmase das subvencións percibidas en 2019 e das que están concedidas:

Ano	Entidade Pública	Importes
2019	Concello de Vigo	1.829'19 €
2019	Deputación Provincial de Pontevedra	1.044'99 €
2019	Xunta de Galicia (corresponde a 2018)	1.071'59 €
2019	Xunta de Galicia (axuda material)	952'62 €

As contas reflicten un superávit anual de 4.006'40 € (positivo de catro mil seis euros con corenta céntimos), sendo o saldo de tesouraría a fin de ano de 34.907'08 € (trinta e catro mil novecentos sete euros con oito céntimos), repartidos entre os 553'38 € (cincocentos cincuenta e tres euros con trinta e oito céntimos) na caixa e 34.353'70 € (trinta e catro mil trescentos cincuenta e tres euros con setenta céntimos) en Abanca.

O Presidente presenta un novo baremo de puntuación propio de Xistra para asignar axudas ou bolsas económicas aos deportistas que máis puntos deportivos acaden. Puntuarán as participacións en 2019 en actividades federativas, andainas do Open de 25 km e actividades sociais. Está previsto un reparto de axudas duns 1.800'00 € que aínda non foi realizado polo atraso derivado do Covid-19.

As contas anuais son aprobadas por unanimidade.

3 Resumo de actividades 2019 e proxecto 2020.

Faise un resumo con proxección de fotografías das actividades organizadas en 2019.

Faise mención á única actividade federativa FGM que organizou Xistra: o descenso de barrancos (celebrado en Melón).

Así mesmo coméntase a participación no resto das actividades FGM, no Open de Andainas de 25 km e noutras actividades FEDME e internas.

Debido á Covid-19 quedaron aprazadas ou canceladas a maior parte das actividades deste 2020.

Infórmase sobre os seguintes temas:

1. Está aberto proceso electoral da FEDME.
2. Problemática coas actividades federativas por anulacións ou aprazamentos
3. Previsión desaparición de probas de 25km debido a cambios legislativos do goberno autonómico.
4. A falta de baremo 2020, con só realizadas 3 actividades sociais dende o inicio de ano (esquí e raquetas, Noia25km, Marín25km). Proponse que o baremo de 2020 se faga mediante os “Concursos sociais” xa vixentes dende hai anos e que, ata agora, non contaban para o reparto de axudas. Autorízase polos presentes a aplicación doutras accións semellantes para as axudas.
5. Proponse a creación dalgunhas probas en autosuficiencia e sen marcar, coa denominación inicial de “Retos sociais”. Queda a proposta a estudo da Xunta Directiva.
6. Seguimos pendentes da proba de Hiru Haundiak 17/10/2020, que aínda non quedou suspendida.
7. Proponse a posibilidade de adquisición de mascarar de tela con logo Xistra para agasallo a socios. Queda descartada esta opción se non se pode garantir o cumprimento da normativa de protección.

Infórmase que o ano 2020 cumpre 25 anos no club Dolores Román Villar, polo que cando se poida facer un acto público se lle fará entrega da insignia de prata do club. Tamén está pendente de entrega a insignia de prata a Rosario López Ledo.

4 Rogos e preguntas.

Proponse que o club demande unha toma de posición da FGM sobre as leis e proxectos legislativos que se están desenvolvendo polo legislativo galego a prol das empresas de eventos e de turismo activo e que son lesivas contra as actividades deportivas realizadas ata agora polos clubs de montaña.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:30 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe o Vogal e Secretario da Asemblea co visto e prace do Presidente.

Dá fe
José Miguel Merino Encinas
Vogal – Secretario da Asemblea

Co Visto e Prace
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Presidente do Clube de Montaña Xistra